



«O MEU PESADELO FAVORITO»

## Obra para non deixar de soñar

Non se necesita ter moita fame literaria para degustar non só bocado este delicioso relato, galardoado co premio Lazarillo. María Solar sorprende de novo cun título orixinal e ameno, de rebordante imaxinación, que reivindica a través de fantasías e peripecias ese sinsentido tan emblemático de Lewis Carroll, autor ao que se homenaxea na obra.

O emotivo volume, que crece en intensidade, cén-

trase nun rapaz que debido á febre e á medicación recibida, se mergulla en sucesivos soños, disparatados e delirantes, que lle trasladan a mundos oníricos, de ledas ocorrencias e personaxes insólitos, como un imposible dinorrinco ou esa repartidora de bicos tan cativadora.

O relato, de fina ironía, aborda o beneficioso do mundo afectivo, nun xogo entre a realidade e a ficción que logra a empatía do lector.



«O MEU PESADELO FAVORITO»

NOVELA • María Solar.

María Lires (ilustr.) •

Galaxia • 184 pág. • 11,50 euros • A partir de 10 anos